

MEDO A UN BMW NEGRO. Neil Young

[tirado de: <http://www.jigsawlounge.co.uk/film/stateia-min2.html>]

Ao saír de *Seguridade interior*, o público fascinado pode atoparse facéndose dúas preguntas: como de bo director é este Christian Petzold? E por que non se pasan as súas películas fóra de Alemaña, máis aló das proxeccións no circuito de festivais? A primeira cuestión é máis fácil de responder: como demostran *Seguridade* e a seguinte *Toter Mann* (2001), Petzold é *extremadamente bo*. De feito, entre os directores europeos actuais é difícil pensar nun talento máis intelixente, máis impresionante, e de feito non ten comparación no que se refire á brillantez dos seus guiños (que ás veces co-escribe con Harun Farocki).

O tema do perfil internacional de Petzold (ou a escandalosa falta del) é moi complicado. Quizais débese en parte aos trapalleiros títulos ingleses cos que se fai cargar aos seus filmes, e que teñen bastante pouca relación cos orixinais alemáns: *Something To Remind Me* por *Toter Mann* (o termo de natación «facer o morto») e, incluso máis torpe, *The State I Am In* por *Die Innere Sicherheit* (seguridade interna ou interior). En certos ambientes snobs, ao mesmo tempo, é probable que o feito de ter feito a maioría do seu traballo para televisión (da súa media ducia de filmes ata hoxe, só dous son filmes para cine: *Seguridade* e *Wolfsburg*) non aumente o seu status como «director serio».

E logo está o asunto relacionado de que os seus filmes tenden a ser, dalgunha maneira, «planos» visualmente – especialmente comparado con, poñamos, o seu compadre de Westfalia Tom Tykwer, de quen *Corre, Lola, corre*, *A princesa e o guerreiro* e *Heaven* foron estreadas comercialmente no Reino Unido. Pero, como Rainer Werner Fassbinder antes del, Petzold amosa que un director talentoso non ten que ser un estilista visual, un pintor: os seus filmes son sinxelos e directos, como corresponde aos seus aspectos de xénero – tanto *Toter Mann* como *Seguridade* son, nun nivel moi básico, filmes de crime. Hai moito máis ademais diso, por suposto: os dous son filmes íntimos sobre relacións persoais en crise, con elencos pequenos e economía de diálogo.

Unha inclasificable combinación de romance adolescente, drama de paso á idade adulta e thriller político paranoico, *Seguridade* é principalmente contada dende a perspectiva de Jeanne (Julia Hummer), unha rapaza de quince anos. Como moitas rapazas da súa idade, está comezando a indignarse polas normas dos seus pais: quen debe ver, onde pode ir, como debe vestir, etc. Pero para o seu pai Hans (Richy Muller) e a súa nai Clara (Barbara Auer), o florecer da independencia de Jeanne formula problemas pouco habituais: Hans e Clara son unha parella de renegados, permanentemente en fuga da policía por razóns non especificadas. Todo o que sabemos é que foron parte nalgún momento dalgún tipo de organización clandestina – presumiblemente unha banda do tipo Baader-Meinhof. Cando lles rouban os cartos en Portugal, a familia debe volver aos ambientes máis perigosos da súa Alemaña natal, onde Jeanne pronto retoma o seu «romance de verán» co surfeiro Heinrich (Bilge Bingul). Pero isto resulta ser cada vez máis complicado, xa que os seus pais senten a lei achegarse.

Aínda sendo un filme moi serio, *Seguridade interior* ten momentos inesperados de humor negro – nun longo cruce de estrada regulado por semáforos, Hans teme o peor cando ameazantes BMWs negros chegan á escena ao mesmo tempo: mentres a súa muller e filla se agochan nos asentos, Hans sae e levanta as mans, só para que todos os coches e os seus confundidos condutores arrinquen cando o semáforo cambia a verde. Máis cedo, porén, cando Hans e Jeanne son atacados polos ladróns que entran a roubar no agocho da familia, vemos que a familia habita realmente un mundo moi perigoso no que a violencia (e, aínda peor, a ameaza da captura) raramente anda lonxe. Este asalto, que deixa tanto ao pai como á filla inconscientes, é representado dunha maneira case casual, sen rastro do *muzak* sen sentido que a maioría de directores empregarían instintivamente para facer medrar a tensión: a técnica de Petzold é máis próxima á dos asasinatos bruscos n' *O amigo americano* de Wim Wenders.

Tampouco é que *Seguridade interior* evite a música por completo: o score de Stefan Will é tan efectivo por ser empregado tan esporadicamente, e o filme remata coa magoante canción de 1967 de Tim Hardin «How Can We Hang On To A Dream?» [«Como podemos agarrarnos a un soño?»], a cuestión confrontada por Hans, Clara e a propia Jeanne. Para Jeanne, o soño é de romance – a súa tormentosa relación con Heinrich é moi convincente, e dá a impresión de que é moi probablemente a súa primeira experiencia sexual. Pero a súa intimidade con Heinrich é claramente perigosa. Rompe a «seguridade interior» da unidade familiar, mentres Jeanne ocupa esa sempre arriscada fase de transición entre a xuventude e a idade adulta: entre, en efecto, a dependencia dos pais e a toma de responsabilidade polos propios actos.

O «soño» de Hans e Clara é moito menos concreto, urxente e ben definido. De feito, durante o filme é unha fonte menor de frustración o feito de que non se nos conte nada sobre as actividades que os forzaron ao «agocho permanente» (as afirmacións dos críticos de que son parte da «xeración dos setenta de terroristas políticos alemáns» parecen excesivas – esta parella de trinta e pico só tería a idade de Jeanne a finais dos setenta). Pero Petzold sabe exactamente o que fai ao reter tentadoramente esta información aparentemente vital: Hans e Clara non están xa motivados por ningunha ideoloxía en concreto; as súas decisións leváronos por camiños cada vez máis estreitos, onde a fuxida e o subterfuxio se converteron en rutinas diarias. Jeanne, criada neste ambiente, non coñeceu nunca outra vida, e o impacto é evidente na cara de ter vivido de Hummel, que lembra a cara de pícara da rúa que tiña Linda Manz en *Días do ceo*.

Como nunca fala sobre o que os seus pais fixeron, ou fan agora («foden», dille a Heinrich), quedamos tamén a escuras. En paralelo a isto, desenvolvementos dramáticos que Jeanne non ve por si mesma quedan tentadoramente ocultos para nós: vemos as sangentas consecuencias de sucesos violentos (un antigo colega de Hans curando o seu nariz ensanguentado despois de, presumiblemente, ter recibido un puñazo; a ferida de bala de Hans logo dun atraco a un banco fracasado), pero non os sucesos en si mesmos. E aínda que os diálogos son a miúdo excepcionais («cumprir demasiado as normas tamén pode chamar a atención», quéixase Jeanne cando se ve forzada a vestir unha roupa particularmente aburrida), como sucede nos mellores guiños é o que non se di o que leva o maior peso.

Petzold demanda de nós moita atención: debemos estar alerta aos detalles e matices de cada suceso e cada conversación, e o ritmo do filme é a miúdo algo lento arredor da parte central. Ademais, varios desenvolvementos cruciais parecen depender de cousas improbables que distraen bastante. Pero, como en *Toter Mann*, as caracterizacións irresis-

MEDO A UN BMW NEGRO / SUPERANDO O PASADO

NEIL YOUNG / CHRISTINA GERHARDT

tiblemente vividas dos actores atraen de xeito constante: a maioría das escenas xiran arredor de Hummer, Auer, Muller (un bazuncho Jurgen Prochnow) e Bingul (un mozo tipo Val Kilmer). E, como no filme seguinte, a brillante estrutura do guión fai que todo encaixe unicamente ao final de todo, cando coñecemos por fin a ameaza que persegue a Jeanne e a súa familia, e dos extraordinarios esforzos aos que os seus inimigos chegarán para atrapalos. Todo depende da decisión de Jeanne de se pode confiar ou non a Heinrich o segredo da familia. Aestrada polo seu pai para non contar nada no caso de estar baixo interrogatorio, Jeanne primeiro proba a táctica nun contexto romántico cando Heinrich xoga a interrogala usando a súa lámpada de noite – pero ao final, os elementos persoais e políticos da súa relación, da vida de Jeanne, e do filme en si, son absolutamente indivisibles.

SUPERANDO O PASADO: SEGURIDADE INTERIOR, DE CHRISTIAN PETZOLD. Christina Gerhardt

[Tirado de https://www.academia.edu/26602898/Working_through_the_Past_Christian_Petzold_s_The_State_I_am_In]

(...)

Seguridade interior (o primeiro filme da súa *Triloxía Pantasma*) aborda a RAF. Aínda que o grupo nunca se menciona polo nome, abundan as referencias codificadas á RAF. A familia usa unha copia do *Moby Dick* de Melville, que Ensslin [fundadora e unha das cabezas intelectuais da banda] lera e usou para darlle aos membros da RAF nomes en clave en [o cárcere de] Stammhein, para avisar a un antigo compañeiro de que chegaron a Alemaña. Outro antigo membro que visitan chámase Klaus, quen menciona que vendeu a súa editorial, aparentemente unha referencia ao editor de esquerdas Klaus Wagenbach, quen foi sentenciado a nove meses de prisión en 1974 por publicar o manifesto da RAF «Sobre a loita armada na Europa Occidental» en 1971.

«A pantasma da Fracción do Exército Vermello», segundo aprecia Petzold, non perdeu a súa virulencia dende o outono alemán de 1977. Pero pensa que a historia necesita ser manexada de xeito diferente para facela produtiva nun contexto contemporáneo. Así, en *Seguridade interior*, presenta a xeración da RAF como país (...). Ademais, a narrativa do filme trata tanto os desafíos de Jeanne como os dos seus pais. (...)

EncadRAR a narrativa deste xeito permítelle ao filme de Petzold explorar algunhas cuestións complicadas que case nunca se tratan en relación á RAF: especificamente, onde acaban os antigos membros unha xeración máis tarde? Nas raras ocasións nas que este asunto é abordado, os esquerdistas da xeración do 68 que se converteron en políticos prominentes, como Joschka Fischer, Otto Schily ou Hans-Christian Ströbele, ou aqueles que acabaron na dereita, como Horst Mahler, son tipicamente evocados. (A estrea

do filme resultou por coincidir coa publicación dunha foto de Joschka Fischer – quen era Vice-chanceler e Ministro de Exteriores no momento en que as fotos saíron – e Hans-Joachim Klein – quen se uniría ás Células Revolucionarias pouco despois de que a foto fose tirada – batendo nun oficial de policía o 7 de abril de 1973). Estas invocacións, por unha banda, as referencias a figuras como Fischer, funcionan para subliñar o ascenso á primeira liña política. Pola outra banda, as referencias a persoas, como Mahler, serven para subliñar unha adhesión a ideoloxías extremistas, sexan de esquerdas ou de dereitas.

Raramente, porén, aparece a cuestión de onde están agora os antigos membros da RAF. Aqueles que non morreron, aqueles que non están no cárcere ou fuxidos, aqueles que cumpriron condena e foron liberados, onde están agora? Que están a facer? Como se relacionan coas súas accións pasadas? Como se relacionan coas organizacións políticas agora, se é que o fan? *Seguridade interior* ofrece unha resposta potencial.

A maiores, o filme examina os efectos de vivir clandestinamente na seguinte xeración. Ao ter medrado fuxindo, Jeanne nunca asistiu con regularidade á escola. Non só porque a familia está a mudarse continuamente, senón para protexer os segredos da familia, a Jeanne non se lle permite desenvolver relacións íntimas cos seus iguais. O título orixinal do filme, *Die Innere Sicherheit*, é un dobre ou tripo sentido. Tipicamente, o termo refírese á seguridade dentro dun Estado ou país. No contexto do filme, «innere sicherheit» pode lerse tamén como unha necesidade de preservar unha sensación de seguridade dentro da familia. Por último, no filme, a expresión pode articular a necesidade de preservar unha sensación de seguridade como individuo. Ao longo do filme aparecen tensións entre estes varios rexistros de seguridade. A tensión entre a necesidade de manter seguridade dentro dun país e a necesidade da familia de manter a seguridade como antigos membros dun grupo armado en fuxida é a máis obvia. O filme, porén, tamén aborda as tensións entre as necesidades da familia e as de Jeanne como individuo. (...)

Deste xeito, *Seguridade interior* (...) retrata unha serie de desenvolvementos da historia e a política da Alemaña Occidental de posguerra e a Alemaña de despois do Muro. A Fracción do Exército Vermello emerxe como a súa propia fonte de trauma co que lidar e, quizais para a sorpresa de algúns, de novos puntos de vista, como aqueles dos antigos RAF de mediana idade, liberados do cárcere e mirando atrás ou aqueles dos membros superviventes das súas familias. Como Katja Nicodemus explicou na súa crítica d'*O complexo de Baader Meinhof* (Uli Edel, 2008) e de filmes sobre a RAF: «Imaxes que nun momento pareceron fixadas nos seus marcos están agora sendo valoradas de novo e transformadas. A iconografía do Outono Alemán está comezando a cambiar. E ao seu debido tempo, tamén cambiará o seu retrato cinematográfico». Coincido coa valoración de Nicodemus da iconografía da RAF e penso que *Seguridade interior* de Petzold (...) revisa a iconografía da RAF e volve visítala dende novos ángulos.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

MAR 2017

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.blogaliza.org [facebook.com/cineclubedecompostela](https://www.facebook.com/cineclubedecompostela) [@cineclubedecompostela@gmail.com](mailto:cineclubedecompostela@gmail.com)

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela) Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

1 DE MARZO

No perigo e na angustia máis forte, o camiño do medio leva á morte (In Gefahr und größter Not bringt der Mittelweg den Tod, Alexander Kluge e Edgar Reitz, RFA, 1974, 86', VOSG)

8 DE MARZO

Elefante (Elephant, Alan Clarke, Reino Unido, 1989, 39', VO) **Estrada** (Road, Alan Clarke, Reino Unido, 1987, 62', VOSG)

15 DE MARZO

A seguridade interior (Die innere Sicherheit, Christian Petzold, Alemaña, 2000, 106', VOSG)

22 DE MARZO

Filme (Film, Alan Schneider, EUA, 1965, 22', VO) **Un home que dorme** (Un homme qui dort, Bernard Queyssane, Francia, 1974, 77', VOSG)

29 DE MARZO

Mediterráneo (Méditerranée, Jean-Daniel Pollet, e Volker Schlöndorff, Francia, 1963, 42', VOSG) **A orde** (L'ordre, Jean-Daniel Pollet, Francia, 1973, 40', VOSG)